

CONSIDERACIONES

1 PANORAMA ECONÓMICO

- No ano 2024 o PIB galego volveu rexistrar un incremento interanual superior ao da Zona Euro (2,8% e 0,9%, respectivamente) e reduciu o diferencial coa taxa de crecemento do PIB español (3,2%). O CES quere manifestar que é preciso seguir dedicando os esforzos necesarios para manterse na senda do crecemento, e que este se traslade ao mercado de traballo na mesma magnitude.
- O crecemento do PIB galego no 2024 veu motivado tanto polo incremento da demanda interna como polo da demanda externa. En relación co sector exterior, é importante ter en conta a escalada da tensión arancelaria que se está a producir nos últimos tempos, e anticiparse aos acontecementos establecendo mecanismos para mitigar os efectos tanto directos como indirectos da implantación destas políticas.
- No ano 2024 prodúcese en Galicia unha contracción do consumo privado, o que está a frear a converxencia —en termos de PIB— coa media do Estado. Desde o CES considérase necesario estudar as causas desta contracción e aplicar as medidas necesarias para que non continúe.
- Por terceiro ano consecutivo contráese o sector primario na economía galega, descendendo no último ano un 1%, ao contrario que no conxunto da economía española, que experimenta un crecemento do 8,3%. Ante esta tendencia en Galicia, o CES considera que por tratarse dun sector clave tanto como xerador de emprego e provedor de produtos esenciais como pola súa capacidade de fixar poboación, é necesario unha aposta decidida que cambie a tendencia, mediante o relevo xeracional e a mellora da competitividade.
- A construción e a industria manufactureira rexistran incrementos superiores á media estatal. O CES quere chamar a atención sobre a necesidade de seguir incidindo en políticas que fortalezan os sectores en crecemento.

- En opinión do CES, é importante destacar o bo comportamento un ano máis da industria manufacturera. Cómpre continuar apostando polo desenvolvemento de proxectos industriais que xeren valor e emprego de calidade, e que exerzan un efecto tractor sobre outras actividades cruciais para impulsar a Galicia na carreira da competitividade.
- En Galicia no 2024 apréciase unha contracción da licitación pública dun 23,5%, maiormente debida á caída da licitación da Administración Xeral do Estado. Deben arbitrarse as medidas que cambien esta tendencia tendo en conta a importancia da licitación na dinamización económica e no aporte de infraestruturas e servizos básicos.
- A remuneración de asalariados dentro do PIB sitúase en Galicia no ano 2024 nun 44%, a gran distancia do rexistrado en España, cuxa porcentaxe sitúase no 48,4%. Tras un incremento do PIB galego por enriba da media do Estado con respecto a 2019, a participación das persoas asalariadas na renda continúa por debaixo dos niveis de 2019, incrementándose asemade a fenda con respecto ao estado. O CES estima que se debe conseguir un reparto da renda máis equilibrado.
- O incremento do 5,7% do PIB nominal en Galicia no ano 2024 non se reflicte no comportamento do excedente bruto de explotación, que perde catro décimas no seu peso relativo ata situarse no 46,9%. Ante este descenso o CES entende que é preciso adoitar medidas que favorezan a capacidade inversora e xeradora de emprego do tecido empresarial.
- O CES constata que o dinamismo da actividade económica non se traslada coa mesma intensidade ao mercado de traballo, que presenta unha ralentización no ritmo de creación de emprego. Dunha banda, Galicia permanece entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, polo que urxe eliminar os obstáculos que impiden un ritmo máis acompasado do emprego e a actividade económica. Doutra banda, a persistencia dunha taxa de desemprego elevada continúa sendo un dos principais retos que require solucións urxentes. Asemade, ante o incremento da taxa de paro xuvenil en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto de España, este organismo insta a tomar medidas que viren esta situación.
- A elevada inflación está a prexudicar en maior medida ás persoas con menores recursos, ao seren as rúbricas máis afectadas as da vivenda e os alimentos. Cómpre, con urxencia, implementar as medidas oportunas para mitigar os efectos derivados desta situación.
- O índice de competitividade rexional do Consejo General de Economistas mantén a Galicia nun nivel competitivo relativo medio-baixo, sendo os eixos de infraestruturas básicas e eficiencia empresarial os que presentan o rendemento máis baixo. O CES considera preciso afondar na análise polo miúdo dos indicadores e tratar de reforzar medidas destinadas a melloralos. En todo caso, e nun sentido máis amplo, faise imprescindible actuar de forma decidida en liña coas correntes europeas e favorecer os investimentos en proxectos industriais estratéxicos que contribúan a acelerar a descarbonización da economía e a reducir a nosa dependencia do exterior, especialmente importante no contexto de tensión xeopolítica actual.

- En 2024 o PIB por posto de traballo da industria manufactureira sitúase lixeiramente por baixo da media estatal. Neste contexto, para o CES resulta fundamental apoiar e impulsar o investimento en innovación e tecnoloxía e favorecer a colaboración entre empresas e centros de investigación, co obxectivo de fortalecer a competitividade do tecido industrial galego.
- O baixo nivel de investimento en I+D (investigación e desenvolvemento) e a escasa creación de patentes en Galicia en comparación co resto do Estado, a media europea e a rexión do norte de Portugal (Galicia ocupa un dos últimos postos no ranking de número de patentes por habitantes e por investigador), é un desafío persistente que afecta ao potencial innovador e competitivo da comunidade. O CES cree necesario aumentar os esforzos en I+D para reducir a fenda e potenciar o crecemento económico a longo prazo.
- Galicia está a sufrir un descenso demográfico significativo, especialmente nas áreas rurais. A baixa taxa de natalidade e a emigración son dous dos factores principais que contribúen a esta situación. O avellentamento da poboación tamén é unha consecuencia directa destes fenómenos, o que ten impactos moi negativos tanto no desenvolvemento económico como na prestación de servizos sociais. Neste contexto, o CES insta aos poderes públicos a reforzar as medidas para atraer e reter poboación nova, mellorar as condicións de vida e as infraestruturas nas zonas rurais, así como en fomentar políticas que incentiven a natalidade e que axuden á integración de mozos e mozas na vida rural.
- As persoas inmigrantes están xogando un papel crucial no sostemento demográfico de Galicia, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, onde o descenso da poboación é máis acusado. Non obstante, as súas necesidades son diferentes, e é fundamental que as políticas públicas se adapten a estas particularidades. A integración plena das persoas inmigrantes require, entre outras cousas, medidas específicas en áreas como a educación, a formación laboral, o acceso á vivenda e ao mercado laboral.
- A falta de infraestruturas físicas e dixitais representa unha barreira significativa para a atracción e retención de poboación nas zonas rurais galegas, afectando especialmente a persoas emprendedoras e profesionais dixitais. Por iso, o CES subliña a necesidade de avanzar na expansión da conectividade ultrarrápida nos núcleos rurais, así como na adecuación de infraestruturas que faciliten o establecemento e a actividade de persoas emprendedoras e teletraballadoras. Neste sentido, é preciso unha estratexia eficaz para atraer e reter talento no rural galego, apoiando iniciativas emprendedoras de alto valor engadido e creando un contorno atractivo e sustentable para o desenvolvemento persoal e profesional. 

2 MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

- O mercado de traballo no 2024 presentou unha evolución positiva en termos xerais, con incrementos nas afiliacións e na ocupación e descensos na poboación parada. En opinión do CES, é preciso continuar nesta senda e afondar en medidas que ademais impacten de xeito favorable na calidade do emprego.
- O número de afiliados medrou en Galicia no ano 2024 en 17.800 persoas, un 1,7% máis que no ano anterior, unha variación semellante á rexistrada no ano anterior (1,8%). O CES entende que se deberían analizar as causas deste crecemento e arbitrar medidas destinadas a incrementar as afiliacións.
- As afiliacións de menores de 30 anos volveron experimentar un incremento porcentual superior á media de Galicia (4,3% fronte a 1,7%). O CES considera importante analizar que factores puideron motivar esta tendencia crecente, e de ser o caso, coñecer e cuantificar a relación entre as medidas postas en marcha e os resultados obtidos, de maneira que esta análise permita afondar nas estratexias necesarias para continuar a mellora na empregabilidade da mocidade.
- A evolución positiva nas afiliacións ao réxime xeral observada nos últimos anos contrasta coa tendencia negativa que están a experimentar o resto de réximes. O CES quere manifestar, un ano máis, a súa preocupación pola perda de afiliacións no réxime de autónomos, no agrario e no do mar, onde o descenso é especialmente significativo. Cómpre artellar medidas que contribúan a frear esta tendencia protexendo ás persoas que sustentan unha parte importante da nosa actividade económica e ás que nos provén de produtos básicos.

- O CES quiere alertar sobre a caída da afiliación no sector primario, tanto en agricultura e ganadería (-2,9%) como en pesca e acuicultura (-5,3%), por ser sector clave non só en si mesmo, senón tamén para algunha das industrias máis importantes da comunidade. Instamos aos poderes públicos a implementar e reforzar medidas que corrixan os problemas estruturais que padece.

- A favorable evolución da temporalidade no sector privado, chegando a unha taxa do 12% no ano 2024, contrasta coa elevada temporalidade do sector público cunha taxa do 31%, agravada, máis aínda, se o desglose o realizamos por sexos, alcanzando no caso das mulleres o 36,7%.

Esta situación evidencia a necesidade de analizar as características destes empregos, en que administracións se produce ou que tipo de postos son os máis afectados por este tipo de contratación, instaurar as medidas necesarias para reducilas e adoptar medidas que promovan un emprego público máis estable e de calidade.

- O CES destaca o aumento en Galicia do 14% do número de afiliados con nacionalidade estranxeira, incremento notablemente superior ao rexistrado no conxunto do Estado (7,7%). Oito de cada dez novos activos e activas rexistrados pola EPA en Galicia son de nacionalidade estranxeira (81%). Por todo, podemos afirmar que o incremento da poboación activa en Galicia susténtase, de xeito fundamental, no aumento de mulleres activas de nacionalidade estranxeira. En opinión do CES é importante establecer medidas que apoien o acceso deste colectivo á formación e capacitación axeitadas para contribuír á cobertura da necesidade de man de obra en diferentes sectores da economía.

- Un ano máis, o CES manifesta a preocupación pola reducida taxa de actividade en Galiza, un 53,2% fronte ao 58,8% de media no Estado. Un taxa especialmente baixa entre as mulleres, 7,9 puntos inferior á taxa masculina. O CES solicita á administración que realice unha análise das causas que motivan esta situación e adopte as medidas para atallalas.

- Dentro da poboación ocupada obsérvase un aumento de mulleres empregadoras empresarias con e sen persoas asalariadas. Cómpre incidir en medidas que reforcen o estímulo emprendedor en xeral e que continúen reducindo a diferenza entre sexos neste ámbito.

- Malia que as mulleres posúen, en termos xerais, un nivel de formación media máis elevado que os homes e a súa participación na poboación ocupada é practicamente equivalente, a súa presenza nos postos de dirección e xerencia continúa a ser significativamente inferior. Por este motivo, o CES considera necesario implantar medidas orientadas a corrixir esta desigualdade e fomentar unha representación máis equitativa

- O sector industrial en Galicia acolle no ano 2024 ao 16% da poboación ocupada, sumando neste ano 15.100 persoas ocupadas máis que no 2023. Neste incremento interanual, a maior aportación vén da industria manufacturera que achega 9.800 postos de traballo, xunto coa industria enerxética que suma 4.900 empregos.

O CES entende que é preciso reforzar a aposta pola industrialización de Galicia e axilizar as

oportunidades da transición enerxética para continuar esta senda de mellora do emprego industrial, recoñecido como emprego estable e de calidade.

- A xornada a tempo parcial continúa a presentar un marcado nesgo de xénero, afectando maioritariamente ás mulleres. En moitos casos trátase de contratacións a xornada parcial non desexadas, derivadas da dificultade para acceder a postos a xornada completa ou da asunción de responsabilidades de coidado de familiares. A pesar dunha leve melloría no último ano, esta situación segue a supoñer unha redución significativa dos ingresos e das condicións laborais das persoas afectadas, polo que o CES considera necesario analizar as causas e valorar a adopción de medidas encamiñadas a reducir estas cifras e acadar un mercado laboral máis incluído.
- A pesar do incremento da afiliación de persoas menores de 25 anos nos últimos períodos, os ingresos por salario medio deste grupo de idade continúan por debaixo dos rexistrados no ano 2008. Esta realidade pon de manifesto que o aumento da participación xuvenil no mercado de traballo non se traduce necesariamente nunha mellora das condicións económicas, o que fai preciso analizar a calidade do emprego xerado neste segmento poboacional.
- O CES quere manifestar a preocupación pola elevada e persistente fenda de ingresos de xénero; as mulleres tan só superan aos homes nos tramos de ingresos inferiores ao SMI, e un 19% percibe uns ingresos inferiores aos mesmos, fronte a un 14,4% de homes; o CES estima que corresponde aos poderes públicos afondar nunha análise rigorosa das causas e adoptar as medidas oportunas para corrixilas.
- A poboación desempregada, estimada pola Enquisa de Poboación Activa, ao desglosar por nivel de formación no ano 2024, mostra dous colectivos igualmente afectados, en valores absolutos, os desempregados con Educación secundaria primeira etapa con 39.400 persoas, e os de Educación superior con 39.000 persoas desempregadas, o CES estima que é preciso analizar e priorizar políticas de insercións de ambos colectivos de desempregados, xa que concentran o 66,3% dos desempregados.
- Ao CES preocúpalle que no ano 2024 aumentara o número de persoas desempregadas menores de 34 anos, una evolución de desempregados que explica que a taxa de paro nos menores de 25 anos aumente ata o 25,7% en Galicia, 1,1 puntos porcentuais máis que no ano anterior. O CES considera necesario reforzar as políticas destinadas a aumentar o emprego entre a xente nova.
- O elevado número de persoas paradas con máis de 50 anos (47% do total das persoas rexistradas como desempregadas; especialmente de mulleres, en concreto o 62% das persoas paradas con máis de 50 anos son mulleres) require un tratamento específico para a inclusión laboral deste colectivo.
- O CES considera moi importante a introdución nesta memoria o estudo do módulo especial da EPA Emprego das persoas con discapacidade, elaborado en 2024 con datos de 2023, ano no que había en Galicia 135.000 persoas con discapacidade en idade de traballar, arroxando unha

taxa de desemprego moi superior as persoas sen discapacidade. O CES mostra a preocupación derivada de comparar as taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, destacando a baixa participación do colectivo de persoas con discapacidade no mercado laboral galego. En 2023 a súa taxa de actividade situouse no 31,2%, 46,8 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade, mais a diferenza do que ocorre no colectivo de persoas sen discapacidade, as mulleres con discapacidade teñen máis presenza no mercado laboral galego que os homes. Así, en 2023 a taxa de actividade feminina é 4,3 puntos superior á masculina. O CES considera que para superar esta situación, é necesario impulsar medidas de inclusión no mercado laboral deste colectivo.

- No 2024 increméntase a duración das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal, tanto por continxencias profesionais (59,9 días), como por continxencias comúns (76,2 días, 4 días máis que en 2023), preto do dobre da media do estado (42,6). O CES insiste na necesidade de estudar as causas desta situación, e establecer as medidas necesarias para a axilización dos procesos de recuperación, porque desta depende o benestar das persoas e a actividade empresarial.
- Os índices de incidencia de accidentes de traballo graves e mortais en Galicia experimentan un empeoramento no último ano en relación ao ano anterior, ano no que xa superaban en gran medida os do contexto estatal. O CES considera moi preocupante os últimos valores de accidentes laborais polo que urxe medidas que freen esta situación así como tamén intensificar os esforzos destinados á prevención de riscos laborais. 

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

- O importante dinamismo do ritmo de crecemento da economía galega no ano 2024 tradúcese nun crecemento nos sectores de construción, servizos e industria. Esta tendencia positiva debe manterse de cara ao futuro reforzando as medidas que faciliten a estabilidade e a certidume xurídicas, o incremento da produtividade e unha mellora da formación e retención dun talento cada vez máis escaso por mor da evolución demográfica.
- Ese importante dinamismo do ritmo de crecemento da economía galega no ano 2024 non repercute de igual maneira nos diferentes sectores produtivos. Así, fronte ao crecemento dos restantes sectores, novamente apréciase unha contracción no sector primario que leva á necesidade de incidir en accións que poñan freo a esta tendencia, tendo en conta os importantes retos que ten por diante o sector primario galego (incluído o complexo mar – industria): reto demográfico e relevo xeracional, transicións climática e dixital, o impulso do aproveitamento dos recursos cos que contamos, entre outros.
- O CES quere destacar a situación na que se atopa o sector primario en Galicia: a actividade no sector está a contraerse, a poboación ocupada segue en descenso, a creación de valor engadido diminúe e a remuneración das persoas asalariadas é inferior á media de Galicia (11,3 euros por hora efectiva asalariada fronte aos 20,6 euros no conxunto da economía galega). Diante desta realidade, o CES insta aos poderes públicos a adoptar as medidas necesarias para frear a caída da actividade e mellorar as condicións das persoas ocupadas neste ámbito.
- O cambio climático é un factor externo que ten importantes repercusións no sector primario. É fundamental realizar un estudo detallado dos posibles efectos que este cambio poida ter

sobre o sector, e, na medida do posible, implementar as medidas preventivas necesarias para mitigar os impactos negativos e adaptarse aos novos escenarios climáticos.

- A Superficie Agraria Útil (SAU) en Galicia ocupa tan só o 28,4% do territorio galego, mentres que a media estatal alcanza o 49,9% da superficie total. A falta de superficie supón un lastre para a competitividade das explotacións galegas polo que o CES insta a promover e reforzar medidas que incentiven a mobilidade de terras e a posta en produción de terras abandonadas.
- O número de explotacións gandeiras de bovino, así como o censo de animais, continúa descendendo: no último ano cesaron a actividade 1.343 granxas, o 80% delas cunha orientación cárnica. O peche dunha explotación non só ten implicacións a nivel económico, senón tamén a nivel territorial e ambiental. É preciso reforzar os apoios ás explotacións en activo, fomentar a incorporación de man de obra e o relevo xeracional, así como as medidas que impidan o abandono da superficie.
- O diferencial entre o prezo medio do leite en Galicia e no conxunto de España continúa agrandándose: en 2024 os gandeiros galegos percibiron de media un 4,9% menos por litro de leite respecto do prezo medio do leite en España. Tendo en conta o carácter estratéxico do noso sector leiteiro o CES insta a adoptar medidas que corrixan este déficit e que mellore a renda dos produtores e persoas asalariadas.
- O descenso da produción de uva na DO Ribeira Sacra e na DO Ribeiro (32,5% e 7,7% inferior respecto a 2019) debeuse en grande medida ao abandono dos pequenos viticultores por falta de rendibilidade da venda da uva ou incluso por non atopar compradores. Isto ten como consecuencia a perda da cultura e do patrimonio paisaxístico que é o grande atractivo turístico destas comarcas do interior. Por iso instase a apoiar especialmente aos pequenos viticultores, a priorizalos nas axudas e a habilitar mecanismos para eliminar o excedentes de viños das adegas.
- Nas Axudas da Política Agraria Común destacan, polo baixo peso dentro do Estado, os pagos FEAGA en Galicia, tan só recibe en relación ao estado o 3,1% acumulado a outubro do ano 2024, mais aínda se temos en conta a importancia relativa do sector en Galicia, polo que o CES considera que se deben superar os obstáculos para que se incremente o importe desas axudas.
- O CES quere manifestar a súa preocupación pola desaceleración do ritmo de crecemento no sector industrial galego no 2024, en concreto presenta unha taxa de variación interanual do 2,5%, dúas décimas menos que no ano anterior (2,7% no conxunto de España).
- No ámbito industrial o subsector manufactureiro presenta un importante dinamismo no ano 2024, cunha taxa de crecemento superior á de España (a diferenza do acontecido no ano 2023) e especialmente no segundo semestre do ano, dato que repercute positivamente no incremento das afiliacións no sector. Faise preciso o reforzo das accións que permitan continuar esta tendencia positiva no futuro, especialmente con medidas que aumenten a dimensión das empresas do sector, a I+D+i e o incremento da produtividade, ao tempo que esas medidas se traduzan nunha maior xeración de emprego de calidade no sector.

- A incerteza que atravesamos o sector da automoción, cun peso estratéxico na industria galega e inmerso nun proceso de profunda transformación, esixe, ao xuízo do CES, fomentar o investimento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, así como o abastecemento de materias primas e a expansión das redes de carga...
- Non obstante o dinamismo do sector da construción, apréciase unha caída da licitación de obra pública en Galicia, maiormente motivado polo comportamento da Administración xeral do Estado, esta redución contrasta co incremento experimentado no conxunto do Estado. Por este motivo solicítanse as medidas oportunas para reverter esta situación, tendo en conta o importante peso da licitación pública no PIB.
- A escaseza de vivenda dispoñible e o seu elevado prezo constitúen un dos principais problemas sociais en Galicia. Desde o CES, facemos un chamamento aos poderes públicos a paliar esta situación e garantir o acceso a unha vivenda digna.
- Das transaccións realizadas de vivendas en Galicia un total de 22.965 corresponden a vivenda libre e 677 a vivenda protexida. Se comparamos co resto das comunidades autónomas, Galicia sitúase no ano 2024 como a comunidade que menor peso ten da vivenda protexida, o 2,9% do total das transaccións realizadas, exceptuando Asturias. O CES considera que sendo a vivenda un ben esencial, o camiño a seguir debe ser o impulso da construción da vivenda a prezo accesible e a axilización da posta a disposición de solo para a construción de vivendas.
- Ante a forte irrupción das Vivendas de Uso Turístico (VUT), resulta imprescindible establecer unha regulación adecuada que contemple un control das licenzas, a ordenación de zonas e a implantación de medidas de seguimento da súa xestión e uso, co obxectivo de garantir unha convivencia pacífica e respectuosa entre a actividade dos establecementos e a poboación residente.
- O Camiño de Santiago segue sendo un dos principais focos de atracción de Galicia. No último ano, o número de peregrinos experimentou un incremento significativo, cunha suba do 12,8%, o que reflicte tanto a súa importancia histórica como o crecemento continuo do turismo. Este aumento tamén implica retos para a xestión do fluxo de persoas e para a preservación do patrimonio cultural e natural ao longo do camiño, que desde o CES instamos se teñan en conta.
- No eido do transporte de mercadorías, ante a baixa participación do tráfico ferroviario, o CES considera necesario o impulso das actuacións que desenvolvan o chamado Corredor Atlántico, tendo en consideración a situación xeográfica da nosa Comunidade e tamén a relevancia da nosa fachada marítima.
- O CES manifesta a súa preocupación pola redución do número de pasaxeiros por ferrocarril de media distancia nun 30,7% na provincia de Lugo, polo que insta aos poderes públicos a estudar os motivos desta caída e obrar en consecuencia.
- O ano 2024 é o segundo consecutivo no que aumenta o número de afiliacións nos servizos financeiros, o 1,6%, polo que se frea o descenso do emprego no sector experimentado nos últi-

mos anos. Esta circunstancia favorable co emprego, non ocorre o mesmo co número de oficinas, con nove menos que o ano anterior, e cos concellos que non contan con ningunha oficina (54 municipios). O CES considera que se trata dun servizo básico na dobre vertente, para fixar poboación no ámbito rural e como mecanismo de inclusión das persoas maiores, polo que se ten que facilitar á accesibilidade ao servizo.

- A pesares do importante dinamismo da economía galega no ano 2024 e o bo indicador de densidade empresarial, apréciase un novo descenso no número de empresas con persoas traballadoras inscritas na Seguridade Social. Este dato contrasta coa mellora no número de empresas con persoas traballadoras rexistrado no conxunto de España. Galicia segue sen recuperar a situación anterior á crise financeira. O CES considera que é preciso avaliar as causas desta tendencia e reforzar as medidas que aumenten a competitividade do tecido produtivo e a súa capacidade para gañar en dimensión, xerar emprego e atraer talento.
- Un dos principais obstáculos para a creación e consolidación de empresas radica na dispersión de procedementos, os prazos prolongados ou a falta de coordinación interadministrativa, os cales prexudican a iniciativa emprendedora, especialmente en territorios de baixa densidade demográfica. Neste contexto, o CES destaca a necesidade de avanzar cara a un modelo que facilite unha gobernabilidade máis áxil, eficiente e orientada ao desenvolvemento territorial.
- En Galicia estase a producir un descenso do número de persoas autónomas con asalariados, en contraste co crecemento rexistrado no conxunto estatal, sendo esta caída, en termos xerais, máis acusada no caso das mulleres. Para o CES, esta situación pon de manifesto a necesidade de reforzar o apoio ao traballo autónomo, especialmente ás iniciativas con capacidade empregadora.
- Para incrementar a taxa de supervivencia a tres anos das empresas en Galicia, especialmente no comercio e as actividades científicas e técnicas, para o CES é fundamental reforzar as estratexias que aborden os seus desafíos particulares, fortalecendo os programas de acompañamento e acceso a recursos e formación, que axuden a reducir a mortalidade empresarial e a consolidar un tecido produtivo galego máis sólido e sustentable.
- Para reverter a perda de peso das empresas galegas xeradoras de emprego no conxunto estatal, o CES propón impulsar unha estratexia centrada na súa consolidación. Esta debe incluír o reforzo de incentivos fiscais, o apoio ás colaboracións e o impulso ao financiamento, á internacionalización, á innovación e á dixitalización, así como medidas para atraer e reter talento. Isto fortalecerá un tecido empresarial máis competitivo, sustentable e creador de emprego de calidade en Galicia.
- No ano 2024 os datos de comercio exterior da Economía Galega reflicten a continuidade da tendencia positiva en canto ao saldo positivo da balanza comercial, a mellora da taxa de cobertura e mesmo do número de empresas exportadoras regulares. Nembargantes redúcese o número de empresas exportadoras por terceiro ano consecutivo, tendencia que requiriría, para a súa reversión, medidas que incidan no incremento das empresas exportadoras mesmo desde as fases iniciais da súa creación e posta en marcha. 

4 CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

- O crédito asociado á sanidade (función 41) acadou os 5.435 millóns de euros no orzamento do ano 2025, o que supón un incremento do 5,2% en relación ao orzamento inicial do ano anterior. Máis do 94% desta asignación destínase aos programas de atención hospitalaria e atención primaria. O CES subliña a necesidade de incrementar máis o investimento en investigación sanitaria co fin de promover o desenvolvemento de novas tecnoloxías e tratamentos que contribúan a mellorar a prevención e o tratamento de enfermidades. Este investimento, ademais de fortalecer a innovación e a capacidade científica rexional, favorecerá unha atención sanitaria máis eficiente que mellorará tanto a calidade de vida das persoas como a sustentabilidade do sistema sanitario galego.
- Ante o elevado envellecemento poboacional, máis intenso nas zonas menos poboadas de Galicia, o CES considera importante promover un envellecemento activo, no que as persoas maiores continúen sendo parte activa do desenvolvemento da súa comunidade. Polo que é esencial facilitar o acceso a servizos sociosanitarios de proximidade, fomentar a participación na vida comunitaria, impulsar programas de formación, voluntariado, lecer e cultura, ademais de promover a creación de espazos de encontro interxeracional.
- CES considera que o sistema sanitario galego debe impulsar a prevención e a investigación médica, especialmente en áreas como o cancro e as enfermidades do sistema circulatorio polo seu alto impacto na saúde e o benestar da poboación galega. Para iso, é importante reforzar os programas de detección precoz, promover hábitos de vida saudables desde a infancia e tratar de reducir os tempos de espera na atención sanitaria, o que non só mellorará a calidade e eficacia da atención médica, senón que tamén contribuirá a reducir os tempos de recuperación dos pacientes.

- No último ano a media diaria de médicos de familia en Galicia foi de 2.435 profesionais, o que implica un 1,3% menos que no ano anterior, ano no que Galicia xa se situaba por debaixo da media Estatal de profesionais por habitante. A carencia de estes facultativos, non só ten efectos na saúde da poboación, senón no incremento das listas de agarda. O CES cree necesario incrementar o número de médicos de familia en Galicia.
- A causa externa de defunción máis numerosa en Galicia no ano 2023 foi a de caídas accidentais con 413 defuncións, o que representa o 28,3% do total das causas e o 9,9% de todo o conxunto das comunidades autónomas, seguida de afogamentos, submersión e sufocación accidentais con 313 casos, co 21,4% do total, polo que o CES considera que se deben reforzar os programas de información para a prevención destes accidentes co fin de reducilos.
- O número total de suicidios en Galicia no ano 2023 ascendeu a 307, un problema moi relevante que afecta especialmente aos homes, cunha maior concentración no grupo de idade entre 50 e 54 anos. A pesar dunha leve redución no número de suicidios en 2023, Galicia mantense entre as comunidades autónomas con maior taxa absoluta, o que evidencia a necesidade de intensificar as medidas de prevención e atención en saúde mental, prestando especial atención ás características demográficas e sociais que inflúen nesta realidade.
- A saúde mental debe ser unha prioridade no sistema sanitario de Galicia. O CES considera necesario reforzar os mecanismos de apoio psicolóxico, facilitar o acceso rápido a coidados presenciais e telemáticos e favorecer esta atención no ámbito rural.
- A principal preocupación sinalada pola poboación galega, segundo a Enquisa Europea de Saúde en España, é a demora na atención especializada e os elevados tempos de agarda nas listas de espera quirúrxicas. O CES cree necesario analizar en que punto do proceso se producen, cales son as causas, e obrar en consecuencia.
- No ano 2024 o número de persoas en listas de agarda, nos hospitais do Sergas, ascendeu a 196.267 persoas, o que mostra a gran dimensión do problema, delas corresponden a traumatoloxía un total de 35.836 persoas e en oftalmoloxía 32.506 persoas. O tempo media de espera na especialidade de traumatoloxía é de 76,8 días, e de 64,8 días para oftalmoloxía. O CES solicita reforzar as medidas que permitan evitar as graves consecuencias que se derivan destas situacións.
- A elevada taxa de dependencia en Galicia (50,7%), 10 puntos superior que na media do estado español, é un importante desafío para a atención á mesma e para o sistema de saúde. Desde o CES consideramos que é un tema clave detectar, previr e tratar a fragilidade destas persoas.
- Aínda que se producen avances na redución da pobreza en 2024, persisten desigualdades significativas, nomeadamente o 55% dos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo ou o 50% da poboación con nacionalidade estranxeira, están en risco de pobreza. O CES propón que se estuden as causas que derivan nesta situación, e aplicar as medidas necesarias para corrixila.

- A pesar dunha lixeira diminución respecto a 2022, os alugueiros imputados á vivenda segue sendo a categoría con maior peso dentro do gasto familiar. Con 5.647,75€, este grupo representa o 18,2% do gasto total en 2023, ante esta situación desde o CES instamos aos poderes públicos a reforzar as medidas que sexan necesarias para paliar esta situación.
- Tan só o 23,4% das prazas residenciais destinadas a persoas maiores son de iniciativa pública. O CES considera necesario incrementar o número de prazas residenciais, en especial de iniciativa pública, destinadas ás persoas maiores, para garantir o acceso aos coidados.
- O diferencial entre Galicia e a media nacional en gasto público por persoa dependente dentro do sistema asistencial é de -985,8€/ano, mentres que o diferencial do gasto público en dependencia por habitante é de -42,7€/ano. Sendo a nosa Comunidade unha das zonas máis envellecidas do Estado compre poñer os medios necesarios para garantir a calidade dos servizos.
- A pesar da elevada taxa de dependencia en Galicia, superior a media do Estado, é a comunidade coa menor porcentaxe de poboación media potencialmente dependente que solicita o servizo. Sen embargo é a cuarta comunidade con maior tempo medio de agarda desde que solicita a dependencia ata a resolución. O tempo medio desde a solicitude da dependencia ata a resolución da prestación incrementouse no último ano, ata os 386 días en Galicia, 24 días máis que en 2023. O CES entende necesario dispoñer dos recursos precisos para axilizar o proceso de valoración e recoñecemento da situación de dependencia
- O número de denuncias por violencia de xénero continuou crescendo e supera as 7.600 nun ano e o número de mulleres asasinadas en Galicia por violencia de xénero ascendeu de tres no ano 2023 a cinco. Estes datos amosan que a violencia de xénero crece ano tras ano sen que as medidas implementadas dende os distintos ámbitos teñan unha incidencia clara na mellora deste problema social. A violencia de xénero require unha resposta ampla e coordinada. En opinión do CES é necesario reforzar a educación en igualdade desde idades temperás, as políticas de prevención e apoio e protección ás vítimas
- Por terceiro ano increméntase o número de vítimas mortais por violencia de xénero en Galiza. A magnitude do problema vai máis alá destas dramáticas cifras: son numerosas as mulleres que padecen violencia de xénero, e moitas persoas no entorno con secuelas psicolóxicas. Compre reforzar os esforzos de prevención e loita contra esta lacra.
- Galicia rexistrou un aumento nos delitos cometidos por menores en 2024. Para o CES é importante reforzar os programas de prevención e reeducación dos menores infractores, abordando as causas sociais e educativas destes comportamentos.
- A tendencia decrecente nas afiliacións tanto no réxime de autónomos coma no do mar, ten o seu reflexo na caída do número de pensións vinculadas a ditos réximes. Ademais, ao igual que sucede no réxime xeral, increméntase a fenda do importe das pensións contributivas recibidas polas mulleres con respecto ás recibidas polos homes.

O CES considera que é precisa unha análise en profundidade da situación destes colectivos e a

posta en marcha de mecanismos que permitan unha mellora das súas condicións tanto durante a súa vida activa, como unha vez rematada a mesma.

- A maior presenza de pensións non contributivas en zonas pouco poboadas que se ven observando ao longo dos anos, require prestar unha especial atención ao rural. O CES entende que favorecer o asentamento de actividades económicas xeradoras de emprego contribuirá á redución de situacións de vulnerabilidade e á mellora das condicións de vida das persoas.
- Aínda que o importe medio das pensións contributivas en Galicia experimenta un incremento lixeiramente maior ao conxunto do Estado, o certo é que Galicia mantense por debaixo da media nacional, co segundo importe medio máis reducido do Estado. En opinión do CES, é preciso seguir a traballar no fortalecemento do sector industrial polo seu efecto de arrastre doutras actividades e como xerador de emprego de calidade que permitirá mellorar o nivel das pensións contributivas.
- A duración media dos procesos para as continxencias comúns aumentou en 3,8 días durante o ano 2024, situándose en 76,3 días, moi superior á da media do estado, con 42,6 días. Un ano máis, desde o CES subliñamos a importancia de analizar en profundidade as causas desta situación e de adoptar as medidas oportunas en función dos resultados obtidos.
- O cambio climático constitúe unha ameaza para a estabilidade económica e social ao alterar o equilibrio habitual da natureza. Ten un impacto directo en determinados sectores produtivos (agricultura, pesca, turismo...). Ademais representa un risco crecente para a saúde pública. Zonas como Galicia, con forte dependencia de sectores vulnerables, e cunha poboación moi envellecida, e pola tanto máis exposta, requiren de maiores esforzos para garantir unha transición adaptada aos desafíos do contexto climático.
- Os investimentos das empresas destinados á protección medioambiental véñense incrementado logo da contracción experimentada no 2021 como consecuencia da pandemia. O CES considera que se ben é imprescindible este esforzo por parte do tecido produtivo, tamén é preciso que se acompañe de medidas de apoio, un marco regulamentario estable e a fixación de obxectivos e prazos realistas.
- A tendencia crecente (excepto no 2022) do número de instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia amosa un interese por avanzar na implantación da economía circular, sendo a categoría de valorización a que máis contribúe a este aumento. O CES entende que para pasar dun modelo lineal a outro circular, é preciso intensificar os esforzos para favorecer o acceso a materias primas recuperadas competitivas en canto a calidade e prezos, e afondar no cambio de patróns de consumo onde a sostibilidade ocupe un papel central.
- En Galicia segundo os últimos datos dispoñibles, referidos ao ano 2022, recollese selectivamente 196.014 Tm de residuos urbanos, o que representa tan so o 17,3% dos residuos xerados, e cunha tendencia negativa, xa que diminúen con respecto ao ano anterior o 1,6%, o que contrasta co aumento do 1% da media estatal. Este feito contrasta coa predisposición da cidadanía galega, moi sensibilizada co reciclado, polo que é preciso reforzar os medios necesarios para aumentar esta exigua porcentaxe.

- As reses afectadas por ataques de lobo aumentaron en 2024 nun 43,3% respecto do máximo histórico rexistrado no ano 2022, converténdose no dato máis elevado da serie cun total de 3.225 animais mortos. Cómpre analizar as causas deste incremento, así como as tipoloxías de explotacións e especies afectadas, co fin de deseñar medidas de prevención e manexo axeitadas. Así mesmo, cómpre mellorar os mecanismos de indemnización e valorar, baixo criterio técnico e científico, a posibilidade de aplicación de controis poboacionais.
- A superficie agrícola afectada por danos causados polo xabaril acadou en 2024 o seu máximo histórico, continuando unha ininterrompida tendencia ao alza dos rexistros, duplicando na práctica os niveis previos de 2019. Esta evolución confirma unha problemática crecente no agro galego e reforza a necesidade de establecer medidas eficaces de control poboacional que permitan compatibilizar a presenza de fauna salvaxe coa actividade agraria.
- A fauna salvaxe estivo involucrada en máis de 5.000 accidentes de tráfico no ano 2024 nos que, aparte de danos materiais, se produciron máis de 70 vítimas. É preciso que se aplique unha estratexia integral que reduza a presenza de xabarís nas estradas e se indemnice ás persoas afectadas.
- No ano 2024 rexistrouse o mellor dato da serie histórica en número de incendios forestais, e o terceiro mellor en canto a superficie queimada. Non obstante, dada a clara dependencia das campañas contra o lume das condicións climáticas durante a tempada de risco, prodúcense nas últimas décadas episodios recorrentes de grandes vagas de incendios. Isto fai que os valores medios por década non amosen melloras significativas. Por este motivo, a prevención estrutural do territorio e do monte continúan a ser unha prioridade estratéxica. 

5 RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

- En liña coas directrices da Comisión Europea, resulta fundamental reforzar a formación do profesorado, especialmente nun contexto de rápidos e profundos cambios tecnolóxicos e sociais. A formación continua debe ser un eixe prioritario das políticas educativas para garantir a calidade do ensino e a adaptación permanente ás novas realidades.
- Os estereotipos de xénero veñen marcando ao longo dos anos a elección das titulacións por parte do alumnado. En especial, obsérvase un claro desequilibrio de xénero nalgúns ensinanza de formación profesional e nalgúns graos universitarios. O CES insta aos poderes públicos a analizar en profundidade os factores que inflúen na elección de itinerarios formativos por parte do alumnado e a implementar accións específicas que contribúan a corrixir estas desigualdades estruturais, que repercuten nos roles de xénero nos postos de traballo.
- Aínda que o último informe PISA amosa unha redución na diferenza de rendemento entre o alumnado de centros rurais e o de centros urbanos respecto a análises previas, o CES quere chamar a atención sobre a necesidade de poñer en marcha os mecanismos necesarios para reducir as desigualdades de calquera tipo e garantir un ensino de calidade e igualitario en todo o territorio.
- O CES manifesta a súa preocupación polo peche de unidades educativas públicas no rural galego. Aínda que en determinados casos esta medida poida estar xustificada polo descenso da matrícula, o seu impacto vai máis alá do ámbito educativo, dificultando o asentamento e a fixación de poboación nestes territorios. Compre adoptar medidas que garantan a igualdade de oportunidades educativas con independencia do lugar de residencia.

- O aumento tanto no número de matrículas, como nas unidades en funcionamento en centros docentes que imparten formación profesional, son mostra do impulso que este tipo de ensinanza están a experimentar. O CES entende que este interese pola profesionalización dos oficios debe ser reforzado e orientado para mellorar a empregabilidade das persoas e contribuír a resolver os problemas de falta de man de obra e de relevo xeracional presentes no mercado laboral.
- O colectivo de estudantes nados no estranxeiro é o que máis medra actualmente en Galicia. O CES considera prioritario establecer medidas de apoio específicas para este alumnado, que frecuentemente debe facer fronte a barreiras adicionais no ámbito educativo e social. Entre estas medidas, deben destacarse o reforzo do ensino da lingua, a promoción de valores de tolerancia e inclusión, así como a prevención da segregación escolar mediante unha distribución equitativa do alumnado nos centros.
- No curso 2024/25 rexistrouse un descenso no número de centros e alumnado participante no programa Abalar-e-Dixgal. O CES recomenda a realización dunha avaliación exhaustiva das causas desta diminución, co obxectivo de mellorar a eficacia do programa, identificar posibles debilidades e garantir un uso axeitado das ferramentas dixitais no proceso educativo.
- A taxa de abandono educativo temperán en Galicia mantense por debaixo da media española. Sen embargo, no 2024 rómpense a tendencia decrecente que se viña experimentando ao longo dos anos e a nosa comunidade afástase case dous puntos do obxectivo europeo do 9%. Na desagregación por sexos, a taxa de abandono é máis do dobre no caso dos homes que entre as mulleres. O CES considera que é preciso estudar as causas que motivan este abandono e actuar para retomar a senda de mellora deste indicador.
- O sector TIC en Galicia recoñécese cada vez máis como un sector estable e con potencial para seguir medrando. O CES entende que é preciso poñer en valor os recursos humanos e técnicos de calidade cos que conta a nosa comunidade, seguir impulsando o aproveitamento das oportunidades que ofrece a transición dixital e articular as medidas necesarias para que ningún quede atrás.
- En 2024, o gasto interno en I+D das empresas galegas incrementábase nun 20 % respecto ao ano anterior, o que confirma o seu compromiso coa innovación como motor de competitividade e crecemento. Este esforzo resulta especialmente significativo nun contorno composto maioritariamente por pemes, que a miúdo contan con recursos limitados. Por iso, o CES considera que é importante manter e reforzar o apoio ás empresas mediante instrumentos de financiamento estables e accesibles, que permitan consolidar esta dinámica, xerando un contorno favorable para unha innovación sustentable en Galicia.
- O aumento das importacións de produtos altamente tecnolóxicos, fronte ao descenso das exportacións galegas, representa un reto para a competitividade exterior. Para reverter esta tendencia, o CES considera crucial impulsar a produción de tecnoloxía avanzada, reforzar o tecido innovador e posicionar Galicia como xeradora de alto valor engadido nos mercados internacionais. 

